



Terceiro exame: coñecemento de galego

Instrucións

- O exame ten 5 preguntas.
Debes marcar as respostas na folla de respostas.
Tamén tes que contestar a pregunta de reserva.

- Tes **media hora** para facer o exame.

- Todas as preguntas teñen 4 respostas.
Só 1 resposta é correcta.
As preguntas que respondas ben suman 1 punto.
As preguntas que deixes en branco non puntúan.
As preguntas que respondas mal non puntúan.

- Cando termines o exame,
entrega o cuestionario e a folla de respostas.
Debes entregar o cuestionario e a folla de respostas
á persoa da organización que está na porta pola que entraches.
A persoa da organización entregaráche
a copia da folla de respostas de cor azul.

- Podes descargar o cuestionario de preguntas
na páxina web www.sergas.es

Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.

1. Un paciente en urxencias di que lle doen os cadrís, onde ten dor?

- A) Na perna.
- B) Na man cerca dos dedos.
- C) Na parte baixa do lombo á altura dos riles.
- D) No brazo cerca do ombro.

2. Unha persoa que está na xuventude é un:

- A) Xoven.
- B) Mozo.
- C) Neno.
- D) Anciá.

3. Escolla a definición correcta da palabra febre:

- A) Instrumento para medir a temperatura.
- B) Elevación da temperatura normal do corpo.
- C) Descenso da temperatura normal do corpo.
- D) Ritmo regular do corazón.

4. Cando dicimos que algo está baleiro, estamos dicindo:

- A) Que non contén nada.
- B) Que está cheo.
- C) Que está novo.
- D) Que está vello.

5. Indique a palabra correcta en lingua galega:

- A) Decir.
- B) Salir.
- C) Durmir.
- D) Grabar.

Preguntas de reserva

1. Ana caeu da bicicleta e deuse un golpe no nocello. Que palabra significa o mesmo que a palabra "nocello"?

- A) Tornecelo.
- B) Cóbado.
- C) Man.
- D) Perna.

